



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## INSTRUCCIÓN Nº 1/2003 DA SECRETARÍA XERAL SOBRE TRAMITACIÓN DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS

A experiencia adquirida na tramitación dos premios extraordinarios de licenciatura e de doutoramento fai aconsellable establecer de xeito claro e preciso a tramitación destes procedementos, de tal xeito que queden claras as funcións dos distintos órganos interviñentes. Así mesmo, a nova estrutura administrativa na que se crea o Servizo de Xestión Académica e a modificación na dirección do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua (CPTF) fai preciso concretar a intervención destes órganos nos distintos procedementos.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral dicta a seguinte

### INSTRUCCIÓN

#### A.-Premios de Licenciatura

Primeiro.- Realizada a proposta polo Tribunal, de conformidade cos artigos 100 e seguintes das Normas de Xestión Académica, o Decano ou Director do centro remitiráa á Secretaria Xeral da Universidade para ser sometida ó Consello de Goberno.

Segundo.- Aprobada a proposta polo Consello de Goberno remitirase á correspondente Unidade de Xestión Académica (UXA) o orixinal da acta da proposta, dilixenciada co contido do acordo do Consello de Goberno.

Terceiro.- Unha copia desta acta dilixenciada remitirase ó centro proponente para o seu coñecemento e efectos, e outra copia remitirase ó Servizo de Xestión Académica, que procederá a notificarlle ó interesado a concesión do premio.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cuarto.- Unha vez se teña constancia da recepción da comunicación por parte dos interesados, remitirase polo Servicio de Xestión Académica á U.X.A correspondente para os efectos da súa constancia no expediente.

Quinto.- Nas certificacións académicas e nos títulos figurará a mención da concesión do premio, agás petición do alumno en contrario.

## B.- Premio extraordinario de Doutoramento

Primeiro.- Unha vez cumpridos os trámites establecidos nos artigos 54 e seguintes do Regulamento dos Estudos de Terceiro Ciclo, o Presidente da Comisión de Doutoramento remitirá á Secretaría Xeral da Universidade a proposta de concesión dos premios extraordinarios, para ser sometida ó Consello de Goberno.

Segundo.- Aprobada a proposta polo Consello de Goberno, remitirase ó Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua (CPTF) o orixinal da proposta debidamente diligenciada co acordo do Consello de Goberno. O CPTF procederá á súa notificación ós interesados e ós centros proponentes, arquivando no expediente persoal dos alumnos copia da notificación do acordo.

Terceiro.- Nas certificacións académicas e nos títulos figurará a mención da concesión do premio, agás petición do alumno en contrario.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2003

O Secretario Xeral

Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz

Sr/as. Decano/as e Director/as de Centro, Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua, Sr. Xefe do Servicio de Xestión Académica, Sr/as. Xefe/as das Unidades de Xestión Académica